

***A CONSELLARÍA DE SANIDADE, DANDO CUMPRIMENTO Á SÚA POLÍTICA DE TRANSPARENCIA, PUBLICA AS OFERTAS DE PRIVATIZACIÓN NO DIARIO OFICIAL DA UNIÓN EUROPEA.***

**É QUE XA NON EXISTE O DOG? OU É QUE SE DESPISTARON CON ESTA PÚBLICACIÓN?**

Datos extraídos da páxina do SERGAS, literalmente:

Fase actual: En recepción de ofertas

Código: AI-SER1-12-033

Órgano contratante: Servizo Galego de Saúde

Tipo procedemento/adxudicación: Aberto compra integrada

Tipo de contrato: Servizos

Lei contratación asociada: LCSP

Medio de publicación: DOUE (14/11/2012)

Data publicación perfil contratante: 15/11/2012

Obxecto: Servizo de mantemento integral de equipamiento electromédico y otro equipamiento

Importe (sen I.V.E.): 28.010.104,00 €

Importe (con I.V.E.): 33.892.225,84 €

O pasado 14 de novembro, en plena campaña electoral das eleccións autonómica galegas, o SERGAS publicou no Diario Oficial da Unión Europea , unha oferta para privatizar o servizo de mantemento da sanidade pública Galega.

O goberno Galego e a Consellaría de Sanidade, fieis á súa política de transparencia, publican o anuncio no Diario Europeo (DOUE), mentres que dun xeito intencionado (e sibilino) non o publican no DOG.

Desapareceu o DOG? Ou é que non era politicamente correcto publicar o anuncio dunha privatización durante a campaña electoral?

**Desde CIG-SAÚDE esiximos :**

- **Que non se adxudique este servizo a ningunha empresa.**
  
- **Que se manteña o servizo de mantemento dentro do sistema público, con persoal estatutario.**
  
- **Que se dote dos recursos necesarios para poder desenvolver un traballo de calidade.**
  
- **Que a formación continuada das/os traballadoras/es sexa real, e adecuada ás necesidades dos servizo.**

**Non imos consentir que desmantelen o sistema sanitario público.**

Agora empezan polo persoal non sanitario, seguirán polo persoal sanitario até que a sanidade

sexa un negocio en mans das empresas privadas dos seus acólitos.

**MOBILÍZATE!!!**

[Descarga e difunde](#) !